

ción da urxencia, estando incluídas todas as exploracións e actos médicos e/ou cirúrxicos realizados en urxencias, agás os recollidos na letra D punto 3 deste decreto como servizos especiais»; debe dicir: «Comprenderá todas as actuacións que sexa necesario efectuar na atención da urxencia, estando incluídas todas as exploracións e actos médicos e/ou cirúrxicos realizados en urxencias, agás os recollidos na letra D punto 3 deste decreto como servizos especiais e na letra E, puntos 5 e 6, como probas especiais e procedementos especiais».

-Na páxina 16.007, onde di: «Test de tolerancia de oxíxeno: 75,15»; debe dicir: «Test de tolerancia de oxíxeno: 72,15».

-Na páxina 16.008, onde di: «Prezo por lesionado atendido: 18 euros»; debe dicir: «Prezo por lesionado atendido: 180 euros».

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 23 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (*Diario Oficial de Galicia* nº 41, do 27 de febreiro), establece na súa disposición adicional sexta, na que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Co obxecto de poder amparar un maior número de solicitudes, e dado que a dotación inicial resulta insuficiente, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas subvencións.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe do crédito destinado ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (*Diario Oficial de Galicia* nº 41, do 27 de febreiro).

Artigo 2º

O incremento da dotación será de 220.641,87 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 48.04.322C.472.2 código de proxecto 2009 01047 e que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 3º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se convocan, para o exercicio 2009, as axudas recollidas na Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

Mediante a Orde do 12 de xuño de 2008 (DOG nº 119, do 19 de xuño), ditábanse, con carácter permanente, as normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, e na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 5 de outubro de 1994 (BOE nº 253, do 22 de outubro) sobre axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.